

Galicia, o sorriso de Daniel é unha exposición promovida polo Consello da Cultura Galega, que ten, entre outras misións, a de proxectar cara ao exterior a riqueza e diversidade da cultura galega, en calquera das súas manifestacións. De acordo con este obxectivo, a exposición foi concibida como unha actividade de divulgación e de espallamento da riqueza cultural de Galicia, dirixida de forma preferente a galegos que moran fóra de Galicia ou a non galegos que teñan algún interese pola cultura galega.

O seu fío argumental está encomendado a dúas figuras ben deseme-lantes, pero emblemáticas, que veñen a ser unha síntese da mensaxe e dos obxectivos da exposición. A primeira figura é unha estatua, a do profeta Daniel que está no Pórtico da Gloria da catedral compostelá, esa obra cimeira que o mestre Mateo achegou á arte medieval europea, na que tímpanos e arquivoltas están habitados por santos, profetas e apóstolos, con "semblantes tan verdadeiros" que Rosalía de Castro ata quixo maximalos vivos. O máis vivo de todos, o profeta Daniel, é un dos nosos protagonistas, o que está a sorrir. É o primeiro sorriso esculpido en pedra na Europa medieval.

E, como contrapunto, unha segunda figura, neste caso de carne e óso, a de Daniel Castelao, que representa un dos máis sólidos esforzos por construír a identidade cultural e política de Galicia no século xx, aquela figura con aspecto de "santo laico" á que Wenceslao Fernández Flórez aludiu como o guieiro espiritual do pobo de Galicia.

Ambas figuras representan o compoñente identitario, pero tamén universal, da cultura galega.

O obxectivo desta exposición é captar a atención do visitante sobre a condición de Galicia como una nación-cultura, dentro dun universo cultural máis amplo como é o mundo occidental, tanto europeo como americano. Non se trata de subliñar obsesivamente a identidade, senón de facer máis visible a diversidade e de mostrar matices que, a fin de contas, son os lugares onde aniñan os tesouros máis amados polos individuos pero tamén polas colectividades. Desde este punto de vista, hai poucas dúbidas de que na lingua, na literatura, na arte, na historia ou no modo de se asentar sobre o territorio, Galicia presenta uns perfís nítidos que fundamentan claramente o seu carácter diferencial.

O formato é o propio dunha exposición que se prevé que sexa itinerante, polo que non se expoñen obxectos valiosos senón ideas e imaxes, música e palabras en soportes lixeiros e doadamente mudables de sitio. O guión expositivo é, asemade, ben simple, estruturado en cinco bloques temáticos dedicados:

- ao espazo físico e humano,
- á evolución histórica, lingüística e literaria,
- aos ámbitos de produción tradicional e á cultura nos que agroman,
- aos novos eixos económicos e institucionais sobre os que se proxecta o futuro,
- e, finalmente, á condición de Galicia como "porto e porta", en relación aos procesos de mestizaxe cultural, dos que son ben representativos o Camiño de Santiago, tan influínte en Galicia como en Europa, e os fluxos migratorios tan determinantes para a evolución do noso país nos últimos séculos.



Pazo de Raxoi, 2º andar
15704 Santiago de Compostela-Galicia
T. 981 957 202 F. 981 957 205
www.consellodacultura.org



**Instituto
Cervantes
Salvador**

Instituto Cervantes Salvador de Bahía
Avda. Sete de Setembro, 2792-Barra
40130-000 Salvador-Bahía
T. 3797-4667

Galicia

Galicia

o sorriso de Daniel

Salvador de Bahía, 19 marzo - 19 abril 2007

AUGAS SANTAS

“Uns adoraban o sol [...], outros a auga subterránea ou as fontes de auga, crendo que non foran creadas por Deus para uso do home, senón que elas, xurdidas de sí mesmas, eran deuses.”
MARTÍN DE BRAGA



Nas orillas do río Tambre
Foto do marqués de Santa María del Villar

A MORADA DO HOMBE

Galicia ten 29 985 núcleos de poboación, que representan o 54% do nomenclátor español.
“En Galicia coñecían a natureza máis humanizada.”
MIGUEL DE UNAMUNO



Parroquia de Mens, Malpica de Bergantiños (A Coruña)

FIGURAS DA NACIÓN

“É un feito que pola orixe, polo territorio e pola linguaxe, de igual maneira que pola súa historia e a comunidade de sentimentos e desexos, estes pobos do Noroeste forman unha nación con caracteres propios.”
MANUEL MURGUÍA



Manuel Murguía, patriarca da historiografía galega, primeiro presidente da Real Academia Galega

OS TRABALLOS E OS DÍAS

“Máis útil foi para España a primeira espiga de millo que se trouxo de América que todo o cerro do Potosí.”
FRAY MARTÍN SARMIENTO



Cruceiro con mazorcas de millo colgadas a xeito de exvoto

CHEIRANDO A FRESCURA

273 buques galegos faenan en distintos caladoiros do mundo.
O 64% da flota española que faena no Gran Sol é galega e proporciona 1750 empregos directos.



Porto de Burela, un dos máis importantes da cornisa cantábrica
Foto: Xurxo Lobato



Construción dun barco na factoría de Rodman Polyship
Foto: Xurxo Lobato



Zona de almacenaxe e carga de Citroën na Zona Franca de Vigo
Foto: Xurxo Lobato



Interior do Parlamento de Galicia
Foto: Xurxo Lobato



Cuberta dun barco de emigrantes con destino a América a principios do século XX



Santiago Sedente, parteluz do Pórtico da Gloria, obra do Mestre Mateo, 1188
Foto: Xurxo Lobato

CARA A MODERNIDADE

Os estaleiros galegos representan o 38% do total das fábricas de construción naval en España.

GALICIA NO MUNDO

A industria da automoción é a máis importante de Galicia, xera preto de 30 000 empregos directos e representa o 12% do PIB.

EIXOS DO FUTURO

O Parlamento galego está formado por 75 representantes; as súas principais funcións son a lexislativa, a aprobación dos orzamentos anuais e o control do Executivo.

PORTO E PORTA

1 488 509 galegos emigraron a América entre 1880 e 1930.
“Galicia sen homes quedas que te poidan traballar.”
ROSALÍA DE CASTRO

O CAMIÑO

“Veloi o varón polo que se visita Galicia.”
DANTE ALIGHIERI
Divina Comedia, 1314